



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de AGOSTO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana María Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e dous minutos do día nove de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Villán Fuertes (Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación Festas e Xestión Municipal do 2/08/2024), o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(632).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(633).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO GRUPO “ENREDADAS” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024. EXPTE. 10197/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 09/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2024, asinado pola xefa Área de Contratación e Novos Proxectos (PA a técnica de Administración xeral) e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 16 de xullo de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo artística do grupo **“ENREDADAS”** dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 16 de xullo de 2024.
- O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

- O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.
- No concello de Vigo, o servizo de Festas da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, é o que ten encomendado entre as súas funcións, os concertos musicais.
- Para seleccionar estes concertos, garantindo que a programación, no seu conxunto, dea como resultado unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral, é preciso solicitar propostas artísticas das empresas promotoras e organizadoras de espectáculos. Deste xeito, facilítase que todas as empresas do sector poidan presentar propostas e optar á celebración dos posteriores contratos para a concreta actuación artística de que se trate.
- Dentro desta liña, e conforme a acta de valoración de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos na rúa para o verán 2024, preténdese realizar un evento de música cubana coincidindo coa temporada de concertos de verán "Vigo en Festas 2024".
- Entre as actuacións seleccionadas atópase o grupo "ENREDADAS". A proposta foi presentada por Organización de Ideas de Exito, SL (CIF B-27719434), e a data prevista para a actuación é o 18 de agosto de 2024 na Porta do Sol.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 5 de agosto de 2024.
- Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 5 de agosto de 2024.
- Memoria económica de data 24 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 2 de agosto de 2024 (operación nº 12024000129833-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 5 de agosto de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e modificación de data 28/06/24 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado que as integrantes do grupo “ENREDADAS”, mediante declaración responsable asinada, recoñecen a Mª. Uxia Domínguez Selle (integrante do grupo) os dereitos en exclusiva para a contratación do espectáculo “ENREDADAS, COPLAS, JOTAS E ALALÁS”.

Consta declaración de representación en exclusiva na que Dª. Mª. Uxia Domínguez Selle cede os dereitos de contratación de “ENREDADAS” á promotora Organización de Ideas de Exito, SL (CIF B-27719434) para a actuación do día 18 de agosto de 2024. Asemade, figura no expediente o certificado do Rexistro Oficial de Licitadores de Empresas Clasificadas do Estado onde figura a representación do apoderado desta mercantil.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do GRUPO “ENREDADAS” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 5 de agosto de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 7 de agosto de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 50.820,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 42.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(634).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8173/252.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 09/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e Xestión de Residuos, o xefe de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- Na actualidade o servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias do Concello de Vigo, préstase por adxudicación do contrato do mesmo nome á mercantil URBASER S.A., acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión extraordinaria e urxente de 6 de setembro do 2019 (Exp. 81/441) por un período de catro anos con un máis de prórroga.

O contrato asinouse o día 10 de outubro do 2019 e a prestación iniciouse o día 1 de novembro do 2019, polo que a data de finalización foi o día 31 de outubro do 2023.

2º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de setembro de 2023, acordou a prórroga do CONTRATO DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. A prórroga ten carácter anual, iniciándose o día 1 de novembro do ano 2023 e remata o día 31 de outubro do ano 2024 (10 mensualidades do ano 2024 e 2 mensualidades do ano 2023).

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- (a) A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11 de outubro de 2022.
- (b) Anuncio de información previa do contrato de data 1/07/2024.
- (c) Memoria económica de data 2 de agosto de 2024, conformada polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- (d) Certificados de retención de crédito de data 15 de maio de 2024 (operacións nº 12024000090453 e 12024000090456).
- (e) Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares de data 27 de maio de 2024.
- (f) Anexos ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares do 01 ao 11 asinados en data 27 de maio de 2024 polo mesmo enxeñeiro redactor do prego técnico e fichas das instalacións con referencia 134, 135, 177, 205, 206, 207, 208, 210, 220, pertencentes ao anexo 2 asinadas polo mesmo técnico en data 07/08/2024.
- (g) Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) asinado polo enxeñeiro municipal en data 27/05/2024.
- (h) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP asinada polo enxeñeiro municipal e polo Xefe de investimentos do área de servizos xerais co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09/08/2024.
- (i) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 09/08/2024.
- (j) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 09/08/2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

Primeiro.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, recae na Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), nos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación que é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido nos artigos 19 e 20 da LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previo á aprobación do expediente o informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os informes da titular da Asesoría Xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro municipal do Concello de Vigo en data 27/05/2024 e os seus anexos (do nº1 ao nº 11) asinados coa mesma data e fichas das instalacións con referencia 134, 135, 177, 205, 206, 207, 208, 210, 220, pertencentes ao anexo 2 asinadas polo mesmo técnico en data 07/08/2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 09/08/2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **10.421.802,45 euros** (parte fixa 10.150.919,75 €, parte variable 270.882,70 €), sendo o importe correspondente ao **IVE de 1.808.742,57 euros** (parte fixa 1.761.729,87€, parte variable: 47.012,70 €).

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria **9200.227,00,00 "LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVIZOS MUNICIPAIS"**, de acordo coas seguintes anualidades:

Ano 2024 (dende o 1 de novembro)	415.099,61
Ano 2025	2.524.900,79
Ano 2026	2.579.882,72
Ano 2027	2.645.462,67
Ano 2028 (ata o 31 de outubro)	2.256.456,66
	10.421.802,45

Se a execución do contrato se iniciase máis tarde da data prevista (1 de novembro de 2024), os créditos para a execución do primeiro ano do contrato serán axustados de forma proporcional á data real do inicio, sempre dentro da anualidade correspondente, e tendo en conta o importe ofertado polo adxudicatario. Neste sentido, o prazo do contrato quedará determinado pola data para o inicio que se determine na formalización do contrato, e a súa finalización quedará sempre fixa na data do 31 de outubro de 2028, salvo a aprobación da prorroga prevista. Deste xeito, o prezo do contrato quedará determinado pola parte proporcional que corresponda ás mensualidades da primeira anualidade (ano 2024 ou o seguinte 2025 en caso de iniciarse con posterioridade ao día 1 de xaneiro do 2025), segundo o prazo real definido pola data de inicio, máis o resto das anualidades ata o día 31 de outubro de 2028. Estes importes determinaranse a partir dos importes que para cada anualidade teña ofertado o adxudicatario.

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

4(635).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”. EXPTE. 1913/441.

Visto o informe de fiscalización de data 09/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 8/08/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da Avenida de Citroën”(1913-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da Avenida de Citroën”(1913-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 08.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 96.349,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	555.159,11 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da Avenida de Citroën”(1913-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Baixa ofertada
1	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L.	129.384,19 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	116.354,02 €
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	101.947,40 €
4	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	96.671,09 €
5	NAROM, S.L.	49.138,46 €
6	CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	41.063,42 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar,UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L., o día 11 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida o 24 de xullo de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 1 de agosto de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L. para que puidera emendar a documentación relativa ao apoderamento do representante de ASFALTOS LUIS FERNÁNDEZ, S.L., os anexos IV e V do PCAP e as declaracións de vixencias das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

inscricións nos respectivos rexistros de licitadores dos membros da UTE. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición de ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L. no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran a constitución da empresa e a clasificación e a declaración de vixencia dos datos que nel figuran.
- O certificado de inscrición de ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran a constitución da mercantil e o obxecto social, o apoderamento do seu representante e os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e Seguridade Sociale a declaración de vixencia dos datos que nel figuran.
- A escritura de apoderamento do representante de ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L. e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo representantes de ambos membros da UTE.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo representantes de ambos membros da UTE.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 4, categoría 3) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (Grupo G, subgrupo 4, categoría 3) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 5.
- Aval por un importe (cada un) de 16.471,25 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 8 de xullo de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Adxudicar a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da Avenida de Citroën”(1913-441) por un prezo total do contrato de 398.604,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 69.179,25 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas. Como secretaria dou fe.

JVF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1726/1102

Abel Caballero Álvarez